



MEMORIA 2019

NUNCA ESTARÁS SOLA

REDMADRE

asociación pontevedra

RESUMEN ACTIVIDADES 2019

CONTIDO

- 1 REDMADRE: UNHA REDE SOLIDARIA DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA
- 2 PROGRAMAS NAIS E FILL@S E ANXELA
- 3 PERFIL DAS USUARIAS ATENDIDAS NO 2019 NOS PROGRAMAS
- 4 OUTRAS ACTIVIDADES
- 5 ENTIDADES COLABORADORAS
- 6 MEMORIA ECONÓMICA

1 REDMADRE: UNHA REDE SOLIDARIA DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA

REDMADRE Pontevedra é unha das 42 asociacións españolas que teñen firmado un convenio coa Fundación REDMADRE, para desenvolver programas de apoio a mulleres xestantes e nais recentes, no seu caso no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. Con carácter xeral, a Fundación REDMADRE pretende crear unha rede nacional de apoio psicosocial integral as mulleres embarazadas en risco de exclusión social ou situacións de especial vulnerabilidade.

A Asociación REDMADRE Pontevedra

É unha asociación de iniciativa social sen ánimo de lucro, de ámbito provincial, aconfesional e apolítica, constituída en Vigo en Xaneiro do 2008. Está inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co nº 2008/011236-1 PO, e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-5127. No 2010 recibiu a mención de **Utilidade Pública**.

1.1 Organigrama

A Asociación é xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: unha Presidenta, Carmen Areses, unha Vicepresidenta, Carmen Moares, unha Secretaria, Ana López, un Tesoureiro, Ricardo Cuenca e dos vogais. Son designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato ten unha duración de catro anos.

O equipo técnico da asociación está formado por una traballadora social e dúas psicólogas. A asociación tamén conta con 15 voluntarios en total: voluntarios/as profesionais, voluntarios de acompañamento a nais e de xestión de enseres e recursos materiais.

Os recursos económicos da Asociación proceden das cotas das/os socia/os e as subvencións e doacións que poida recibir no curso da súa actividade.

1.2 Obxecto social

A asociación REDMADRE Pontevedra ten coma obxectivo principal proporcionar apoio a mulleres embarazadas e nais recentes (con fillos de ata 3 anos) en risco de exclusión social ou calquera situación de vulnerabilidade: rechazo familiar, falla de recursos económicos, perda de emprego, inmigración, discapacidade de ela ou do seu fillo, vítima de maltrato y/ou trata, etc., có fin de facer efectiva a igualdade de oportunidades e promovendo a súa autonomía.

Os **obxectivos específicos** de REDMADRE Pontevedra son:

1. Apoiar e asesorar ás mulleres na súa loita por superar as dificultades e conflitos xurdidos na súa maternidade (falla de apoio familiar, falla de

recursos, perda de emprego ou estudos, abandono ...) con medios coma: mediación familiar, atención psicolóxica e emocional, acompañamento antes e despois do parto, asesoramento legal, derivación a residencias e fogares de acollida, formación, atención pediátrica, apoio na busca de emprego e nos trámites administrativos, etc.

2. Sensibilizar e difundir ante a opinión pública a necesidade de apoiar ás mulleres embarazadas e ás nais, as cales ademais están dobremente penalizadas laboralmente, por ser mulleres e por seren nais. Promover a concesión de axudas públicas e privadas ás mulleres xestantes e lactantes.
3. Cubrir-las necesidades básicas das mulleres e os seus fillos/as, até os 3 anos. O que inclúe o coidado da infancia máis desfavorecida.
4. Prestar especial atención ás mulleres migrantes, novas, vítimas da violencia ou de trata, con discapacidade o que esperan fillas/os con algunha, toxicómanas e con problemas de saúde mental. No caso das estudantes, procurar tódolos medios para compatibiliza-la maternidade co bó fin dos seus estudos.
5. Crear unha rede de voluntarias/os que atendan personalmente ás/os usuarias/os.
6. Colaborar e coordinar o apoio ás nais coas Asociacións e Entidades locais públicas e privadas que ofrecen recursos específicos (servizos sociais dos Concellos e dos centros de saúde, Banco Alimentos, Cruz Roja, Hogar Santa Isabel, Faraxa, APES, Érguete, Aldesa Infantiles,...), etc.
7. Proporcionar apoio psicolóxico, e promover programas de educación afectivo sexual, conciliación e corresponsabilidade.

1.3 Beneficiarias/os dos servizos da Asociación

- a. Toda muller embarazada ou nai con fillos/as menores de 3 anos que precisen información, orientación ou apoio na súa maternidade, e até os 3 primeiros anos de vida da/o súa/seu filla/o. Residentes na provincia de Pontevedra ou en zonas limítrofes das outras tres provincias galegas, por acordos coas asociacións REDMADRE de A Coruña e Ourense.
- b. Os seus fillas/os, e indirectamente outros membros da unidade familiar.

1.4 Socios/as

A asociación conta con 68 socios, dos cales aproximadamente o 90% son mulleres.

1.5 Recursos materiais e humáns da Asociación

Recursos materiais:

- **Centro REDMADRE de Vigo** de 46 m², na rúa **Alexandre Bóveda 10, Bajo F**, de Vigo. Centro acreditado para psicoloxía sanitaria có nº de rex. Sanitario C-36-002453.
- **Centro REDMADRE de Pontevedra**, de 20 m², na rúa Benito Corbal 47, 3º Oficina 2, de Pontevedra.
- Mobiliario e equipos informáticos con conexión a internet. RRSS.

Recursos humáns:

- 1 traballadora social con contrato indefinido e 11 anos de antigüidade.
- 2 psicólogas con contrato indefinido e 10 e 5 anos de antigüidade.
- 6 voluntarios profesionais (pediatra, avogados/as, matrona, xinecólogo, psiquiatra, técnico emprego). Se ben á súa participación sempre é puntual e restrinxida ao seu ámbito de traballo, o grado de resposta e implicación é excelente.
- 15 voluntarios: de acompañamento a xestantes; colaboradores na recollida, xestión e reparto de enseres e alimentos ás usuarias; colaboradores nos eventos da asociación.

Os voluntarios son imprescindibles para poder atender ó número de usuarias que solicitan o noso apoio. O seu grado de resposta e implicación é excelente.

En xaneiro do 2019 cumprimos **12 anos de actividade** dirixida á atención psicosocial de mulleres xestantes e lactantes en situacións de especial vulnerabilidade e que se materializou ate agora na atención **de 1.667 mulleres na provincia de Pontevedra, aos seus fillos/as e a outros membros das súas familias (en total, perto de 4100 persoas)**



2 PROGRAMAS NAIS E FILL@S E ANXELA

2.1 Resúmen

Desde o ano 2008 a asociación leva desenvolvendo o **proxecto Nais e Fill@s** (anteriormente tivo outras denominacións, como Nais). Este proxecto se dirixe a mulleres xestantes e nais recentes en risco de exclusión social ou situacións de especial vulnerabilidade, e ós seus fillos/as menores de 3 anos, para proporcionar as medidas de apoio psicosocial que precisan: información sobre recursos públicos e privados (derivación a centros de acollida, en caso de abandono); apoio profesional (legal, psicolóxico, de orientación laboral, procura de emprego, mediación familiar, formación, etc.); apoio emocional e acompañamento durante o embarazo e a lactancia.

Neste proxecto colaboraron no 2019 a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

A partires de 2016, a asociación comezou a desenvolver o proxecto **Anxela** (anteriormente integrado como parte do proxecto Nais e Fill@s, ou denominado Rede de apoio á infancia), de axuda de emerxencia as familias, para cubrir as súas necesidades básicas de alimentación, hixiene, roupa e aveños de bebé. Neste proxecto colaborou no 2019 a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra. Tamén deron apoio material as Fundacións: Filomena Rivero (campana recollida produtos doados por particulares) e SEUR (transporte aveños e cueiros) e os Bancos de Alimentos de Vigo e Pontevedra.

2.2 Resumo Accións do Proxecto Nais e Fill@s

- a) Orientación e información sobre os recursos dispoñibles (públicos e privados) de apoio a maternidade, de acordo a súa situación e lugar de residencia, e seguimento.
- b) Atención bio-psico-social antes, durante e tra-lo embarazo e lactancia. Inclúe atención psicolóxica (nº Rex. San. C-36-002453).
- c) Asesoramento legal, laboral e administrativo. Mediación familiar.
- d) Apoio ás nais xestantes e lactantes na formación, adquisición de habilidades sociais, no coidado do bebé, etc.
- e) Apoio ás nais na formación e a (re)integración social e laboral.

2.3 Resumo Accións do Proxecto Anxela

- a) Avaliación da situación inicial da familia, definición das necesidades materiais (enseres de bebé, alimentación, roupa, cueiros ou outros) e definición do fin do programa (acceso ó Proxecto Nais, colaboración con outra Asociación ou axuda temporal de emerxencia).
- b) Elaboración dun programa temporizado de entregas de produtos ás familias.

c) Realización das entregas programadas, seguimento e medición da evolución da situación da usuaria con respecto ao medido inicialmente.

Nesta etapa colaboran tamén os **voluntarios/as da asociación**: preparando os produtos a entregar a cada familia, procedendo a súa entrega, elaborando canastillas de bebé e entregándoas a nai no hospital cando nace o fillo/as, procedendo a recoller os produtos doados por o Banco de Alimentos, empresas e particulares, en particular, os aveños de bebé, etc.

d) Saída do Proxecto ou prórroga revisable, até 6 meses. Avilación do Proxecto.

2.4 Fases da atención Nais e Fill@s

Fase uno. Acollemento

As usuarias proceden dos sistemas de detección e acceso seguintes:

- Derivación de servizos sociais e/ou sanitarios.
- Institucións de iniciativa social.
- Por contacto directo (telefónico, correo electrónico ou páxina WEB).
- Difusión a través de medios de comunicación.

Neste primeiro contacto, a coordinadora recibe á nova usuaria no centro REDMADRE de Pontevedra ou de Vigo, onde cumprimenta a ficha social e pediráselle a documentación precisa, segundo o caso.

Fase dous. Reconstrución da demanda

Unha vez cumprimentada a ficha social, valórase a demanda explícita e implícita, para a posterior confección dun plan de traballo personalizado e integral (PSP) có acordo da usuaria.

As usuarias clasifícanse en dous grados de atención: grado un, para as usuarias que precisan acompañamento, grado dous, para aquelas que non precisan acompañamento pero sí un seguimento mensual para supervisar que van cumprindo os obxectivos marcados.

Fase tres. Explicación da metodoloxía de traballo

Levarase a cabo mediante a exposición das condicións fundamentais e formas de traballo da asociación. Estas normas fundamentais son:

- En REDMADRE case todos somos voluntarios/as e os nosos recursos son limitados, polo que temos que ser coidadosos no seu uso: enseres, roupa, etc. O tempo é tamén un recurso escaso, polo que cumpre respetar-las horarios e datas de entrevista, avisando con antelación se non se pode asistir.

- No PSP o compromiso é polas dúas partes: a asociación comprométese cunhas accións de apoio, e a usuaria comprométese á asistencia as actividades de formación, procura de emprego, entrevistas, etc. que detalle o seu PSP.

Fase catro. Realización do plan de traballo

Dacordo coa documentación recibida e os resultados da entrevista, o técnico da asociación elaborará o proxecto persoal ou plan de traballo (PSP), que detallará as medidas e prazos de seguimento.

Fase cinco. Visita domiciliaria

O técnico da asociación realizará, sempre que sexa preciso, unha visita domiciliaria para comproba-la situación da usuaria e realizar un informe social.

Fase seis. Seguimento e supervisión

Técnico e usuaria establecen de común acordo as reunións de revisión de obxectivos, que quedan reflectidas no historial da usuaria.

Nos casos no que sexa considerado necesario, asignaráselles unha persoa voluntaria para o apoio emocional e puntual en actividades.

Fase sete. Fin da relación e desvinculación

Ao termino do PSP, cando se cumpran os obxectivos marcados, ou a/o filla/o cumpra 3 anos, terminará a relación entre as partes, a no ser que concorran circunstancias especiais. Un técnico da asociación fará unha entrevista de desvinculación, que aportará retro-alimentación para la mellora dos procedementos de traballo da asociación.



3 PERFIL DAS USUARIAS ATENDIDAS NO 2019 NOS PROGRAMAS NAIS E FILL@S E ANXELA

Dende xaneiro e ate decembro do ano 2019, a Asociación REDMADRE Pontevedra proporcionou información a **208 mulleres xestantes ou nais recentes**, das cales 175 se integraron nalgún dos programas da asociación. Tivo inscritas no Proxecto **Nais e Fill@s a 125 mulleres** e no Proxecto **Anxela a 128 familias**. Ademais, atendéronse ben de forma directa ou indirecta a 321 fillos/fillas (198 menores de 3 anos), e a outros membros da unidade familiar (144 persoas). E dicir, en total nestes programas atendéronse a **640 persoas** no 2019.

Nas estatísticas que se axuntan queda reflectida o perfil das mulleres atendidas no 2019: **o 40% das mulleres eran xestantes cando nos contactaron e as demais nais recentes**. O 50% inmigrantes. O 34% menores de 25 anos. O **91% estaban sen emprego**. A maioría presentaba unha grave precariedade económica e un 9% non contaban con ningún tipo de apoio, nin familiar nin da parella. O 73% recibiu **axuda de emerxencia** no programa Anxela, un 38% recibiu apoio emocional e/ou psicolóxico, o 24% solicitou mediación familiar, un 39 % participaron en actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais, o 26% recibiu apoio e orientación laboral. **O 28% nos foron derivadas de outras entidades (servizos sociais, ONXs).**

Total de persoas integradas nos Programas: dende 1 de Xaneiro a 31 de Decembro de 2019:

Mulleres:	175
Homes:	121
Nen@s:	321 nen@s: 198 nen@s menores de 3 anos. 123 nen@s maiores de 3 anos.
Outros familiares:	23
TOTAL:	640 persoas

Mulleres integradas nos Programas:

	Mulleres	%
Programa Nais e Fill@s	125	71%
Programa ANXELA:	128	73%

Mulleres

IDADE:	<25 anos	25-54 anos	>54 anos
	60	115	0
	34%	66%	0%

NACIONALIDADE:	España	Europa	África	Asia	Latinoamérica
	87	10	29	0	49
%	50%	6%	16%	0%	28%

FORMA DE CONTACTO:	Boca a boca	Atendida anteriormente	Teléfono RRSS	Derivadas de outras entidades*
	92	14	20	49
%	53%	8%	11%	28%

Derivadas de outras entidades*: Servizos Sociais Municipais, Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Provincial de Pontevedra, Centros de Saúde, Equipo Intervención Familiar do Concello de Vigo, Cruz Vermella Vigo e Pontevedra, Cáritas, Ayuvi, Teranga, Faraxa, Escuela Infantil Príncipe Felipe, Parroquias...

Mulleres XESTANTES:	Embarazada sen fillos	Embarazada con fillos
	25	45
%	14%	26%

APOIOS:	Con apoio familiar	Sen apoio familiar	Con apoio da parella	Sen apoio da parella	Sen apoio da familia nin da parella
	109	66	121	54	16
%	62%	38%	69%	31%	9%

SITUACIÓN LABORAL:	Desempregada	Desempregada longa duración	Inactiva, integrada nos sistemas de educación	Inactiva, non integradas sistemas educación	Con emprego, incluído por conta propia
	20	20	21	98	16
%	11%	11%	12%	57%	9%

FORMACIÓN:	Estudos de ensino primario ou secundario	Có 2º ciclo de ensino ou ensino postsecundario	Con ensino superior ou terciario	Analfabeto/sen estudos regrados terminados
	132	33	10	0
%	75%	19%	6%	0%

SITUACIÓN PERSOAL:	Vive nun fogar sen emprego	Ten fillos ao seu cargo	Vive nun fogar composto dun único adulto (con o sen fillos ao seu cargo)	E muller pertencente colectivos máis vulnerables
	159	150	29	175
%	91%	86%	16%	100%

DESFAVO RECIDOS:	Migrante, orixe estranxeira, minorías	Ten algunha discapacidade	Outras persoas desfavorecidas	Sen fogar	Núcleo de poboación inferior a 5.000 habitantes
	134	3	38	0	0
%	76%	2%	22%	0%	0%

ACTUACIÓNS:	Orientación e asesoramento persoal e social	Actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais	Apoio e orientación laboral
	175	68	45
%	100%	39%	26%

ASISTENCIA:	Axuda material	Atención emocional e/ou psicolóxica	Asistencia legal	Mediación familiar
	128	66	4	42
%	73%	38%	2%	24%

AXUDA MATERI AL:	Cueiros	Leite maternizada	Leite fresca	Alimentos infantís (cereais, potitos)	Alimentos infantís (cacao, galletas)	Roupa nen@s	Aveños bebé (berce, cariño..)
	1.041 paquetes	593 botes	1.615 litros	1.337 Kg	358 kg	136 entregas	a 105 nais



Voluntarias preparación roupa proxecto ANXELA

4. OUTRAS ACTIVIDADES

A maioría, no marco dos programas da asociación.

- **Impartición de charlas e talleres ás beneficiarias**, de temática diversa: sobre solicitude axudas públicas (trámites, prazos...); autoestima e a autoimaxen no desenvolvemento das súas habilidades persoais e profesionais; saúde materno-infantil; confección do CV; entre outros.
- Así, o Centro REDMADRE de Vigo acolleu dúas edicións do Taller de **saúde e coidado do neno**, impartido por a Dra. Mar Portugués; unha edición do taller sobre **lactancia materna e vínculo nai-fillo/a**, impartido por a matrona Ángeles López; dós talleres sobre **autoconocimiento e Inteligencia Emocional** impartidos por a psicóloga Genoveva Lorenzo; dós talleres **saúde bucal no embarazo e lactancia**, impartido por a escola de hixiene bucodental do colexio Fillas de María Inmaculada de Vigo; un taller de **técnicas activas na procura de emprego**, impartido por Inocencia González, Andrea Martínez, Guillermo Iruegas e M^a José Armas, da asociación Mulleres en Igualdade, entre outros.
- Realización de campañas dirixidas á cidadanía para a doazón de produtos para os nenos/as das nosas nais. A **Fundación Filomena Rivero** organizou en Redondela nas festas do Nadal 2019-20 unha Campaña de doazón de produtos para o bebé en beneficio de REDMADRE. De forma similar, tamén fixeron campañas a **academia de idiomas Kids&Us** de Pontevedra, a escola infantil **KidsGarden** de Vigo, e a parroquia de **San Miguel de Oia**.
- Participación no **Espazo Solidario de Nadal**, organizado por a Xunta de Galicia, compartiendo unha caseta con outras ONXs, no Tinglado do Porto de Vigo. Dña. Corina Porro, delegada territorial da Xunta en Vigo, nos entregou un Vale Compromiso de 1000€ donado por la Consellería de Política Social





- Visita a nais nos hospitais con motivo da súa maternidade, por parte das voluntarias. Preparación e entrega de 60 canastillas de bebé.
- Traslado a un **novo local na cidade de Pontevedra**, sito no edificio da Xunta na rúa BenitoCorbal. Tras participar nun proceso de concurrencia competitiva, a Vicepresidencia e

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia procedeu a ceder o uso durante catro anos de 28 locais a diferentes asociacións, entre elas REDMADRE Pontevedra.

- Reunións de coordinación de voluntarios/as, e con outras entidades locais colaboradoras.
- Reunións trimestrais de coordinación con outras asociacións REDMADRE galegas.
- O Faro de Vigo, na sección de Pontevedra, fixo unha reportaxe a nosa mais prezada voluntaria, Lulú Vázquez, que cumpliu no 2019 109 ans.



Caseta de REDMADRE no espazo Solidario de Nadal en Vigo



Entrega produtos doados campaña
Academia Kids&US



Reuniones trimestrais de coordinación e
formación dos técnicos.



Entrega produtos doados
Parroquia San Miguel de Oia

5. ENTIDADES COLABORADORAS

Co fin de cumprir os nosos obxectivos, a Asociación REDMADRE Pontevedra mantén relacións de colaboración continua coas institucións públicas, con Fundacións e entidades privadas, e conta co xeneroso apoio dos socios/as e doantes, particulares e empresas.

Cada un deles colabora de xeito diverso coa Asociación facendo posible que xuntos, podamos levar adiante os nosos programas e labor social. O noso agradecemento a todas elas.

ENTIDADES PÚBLICAS, PRIVADAS E DE INICIATIVA SOCIAL

Durante o 2019, as entidades colaboradoras foron:

- A Secretaría Xeral da Igualdade, a Consellería de Política Social e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.
- O Fondo Social Europeo.
- A Deputación de Pontevedra.
- Coverwind Solutions, academia Kids&US, escola infantil KidsGarden e o colexio Plurilingue Montecastelo .
- A Fundación Filomena Rivero e a Fundación SEUR.

E as entidades de iniciativa social foron:

- Banco de Alimentos de Vigo e de Pontevedra.
- AYUVI, Vigo.
- Cruz Roja de Vigo e Pontevedra.
- Cáritas de Vigo, Pontevedra, Redondela e Poio.
- Hogar Santa Isabel, Vigo.
- Fundación REDMADRE.
- Faraxa, APES, MADRO, Vida Digna, Dignidad Galicia, entre outras.

Vigo
18 / 11°
Newsletter

FDV+ Gran Vigo Galicia Más Noticias Deportes Celta Economía Opinión Cultura Ocio Vida y Estilo Comunidad Multimedia

Galicia Morrazo Pontevedra Deza-Taboas-Montes Arousa Ourense Sociedad Sucesos CONCELLOS

ÚLTIMA HORA Nueva víctima mortal del coronavirus en Galicia

Nuestra prioridad eres tú BuscandoRespuestas.com

CRISIS SANITARIA POR EL CORONAVIRUS Servicio de consulta psicológica

ACCEDER

PRENSA IBERICA GRUPO ZETA

faroдевigo.es » Pontevedra » Noticias de Pontevedra

Noticias de Pontevedra

Manos solidarias que calcetan a los 108 años

La pontevedresa Lulú Vázquez de Silva crea prendas para bebés de mujeres en riesgo de exclusión social

ANA LARREA | Pontevedra | 20.01.2019 | 03:27

Lulú Vázquez de Silva tiene casi 109 años y unas manos a las que les apasiona calcetar. Lo hace desde niña y ahora con más motivo que nunca: colaborar con un colectivo de ayuda a madres que no cuentan con ingresos económicos o están en riesgo de exclusión social. Para ellas crea patucos, jubones o toquillas. "Ayudar le gusta a cualquiera. Siempre es algo bueno", asegura la centenaria. Es, probablemente la más longeva del municipio, pero confiesa que no tiene secretos de salud. Sobre la vida de hoy día matiza que lo que menos le gusta es la forma laxa de la educación de los niños.

Lulú Vázquez de Silva (centro), junto a Carmela Calvar, voluntaria, y Carmen Moares, vicepresidenta de Red Madre Pontevedra. // Gustavo Santos

Lulú Vázquez de Silva desconoce si a sus 108 años (el próximo 29 de marzo cumplirá los 109) es la mujer más longeva del municipio de Pontevedra. Cree que podría ser así, pero tampoco le da mucha importancia porque, tal y como asegura, "ahora cada día cuenta".

Y es que sus jornadas son cada vez más tranquilas y las limitaciones propias de la edad hacen que haya dejado de hacer actividades que antes hacía a diario, como reunirse con sus amigas en un banco de la Praza da Ferrería tras la misa de las 12 en San Francisco.

Fue precisamente en este céntrico emplazamiento donde escuchó hablar por primera vez de la asociación Red Madre, de apoyo a mujeres embarazadas y madres recientes en situación de vulnerabilidad o riesgo de exclusión social.

Carmela Calvar, una de las voluntarias del colectivo que una tarde cualquiera transportaba cajas para montar canastillas para las madres, le explicó en qué consistía la labor de la asociación. A Lulú le fascinó y decidió colaborar también haciendo lo que mejor sabía: calcetar.

Hace ya dos años de ello, pero la pontevedresa no ha dejado de crear artículos para bebé desde entonces. Comenzó con una toquilla y dos jubones, a los que siguieron bufandas, patucos...

"le gustó la ida y como me gusta calcetar desde pequeña, no me lo pensé", asegura en el salón, con la iliceta entre las manos.

Seguimos trabajando para tu empresa

MediaMarkt Business

Las mejores soluciones adaptadas a tu negocio, cuando más las necesitas

Más información >

#EstamosJuntosEnEsto

GALICIA EN VINOS

6. MEMORIA ECONÓMICA

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa: ASOCIACION RED MADRE PONTEVEDRA

Periodo: de Enero a Diciembre

Fecha: 27/02/2020

<i>Cuenta de Pérdidas y Ganancias</i>		2019
1. Importe neto de la cifra de negocios		9,139.23
700 INGRESO CUOTAS		9,139.23
4. Aprovisionamientos		243.78
600 COMPRAS DE MERCADERÍAS		0
608 DEVOLUCIONES DE COMPRAS Y OPE		243.78
5. Otros ingresos de explotación		36,494.12
740 SUBVENCIONES, DONACIONES Y LE		36,494.12
6. Gastos de personal		-30,722.73
640 SUELDOS Y SALARIOS		-24,712.08
642 SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE L		-6,010.65
7. Otros gastos de explotación		-16,014.51
621 ARRENDAMIENTOS Y CÁNONES		-2,667.13
623 SERVICIOS DE PROFESIONALES IN		-30.25
624 TRANSPORTES		0
625 PRIMAS DE SEGUROS		-692.15
626 SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILAR		-441.31
627 PUBLICIDAD, PROPAGANDA Y RELA		-237.16
628 SUMINISTROS		-722.22
629 OTROS SERVICIOS		-10,834.74
631 OTROS TRIBUTOS		-389.55
13. Otros resultados		4,539.42
778 INGRESOS EXCEPCIONALES		4,539.42
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		3,679.31
14. Ingresos financieros		0
b) Otros ingresos financieros		0
769 OTROS INGRESOS FINANCIEROS		0
B) RESULTADO FINANCIERO		0
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS		3,679.31
D) RESULTADO DEL EJERCICIO		3,679.31

O NOSO AGRADECIMENTO A TODAS AS PERSOAS E INSTITUCIONS QUE COLABORAN COA NOSA LABOR SOCIAL

En Vigo, a 15 de Marzo de 2020

Asdo.: Carmen Areses
Presidenta de REDMADRE Pontevedra



Comunicación

Datos de contacto

Tel. REDMADRE Pontevedra: 659 772 373 / 986 192 432

Correo-e: pontevedra@redmadre.es

Web: redmadre.es/galicia

Facebook: [@megustaredmadre](https://www.facebook.com/megustaredmadre)

Twitter: [@RedMadreFunda](https://twitter.com/RedMadreFunda)